

**Acta núm. 36/2020.
 Sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local
 do 16 de decembro de 2020.**

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:

Carlos Noya Pereira.
 José Luis Sampedro Bouzas.
 María Rosa Romero Fariña.
 Sandy Marie Cebal Gómez

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, ás 14,00 horas do 16 de decembro de 2020, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste Concello que se relacionan, para celebraren sesión extraordinaria.

Preside o señor alcalde Pablo Lago Sanmartín e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do Concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 35/2020, DO 01.12.2020.
- 2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).
- 3º) LICENZA DE OBRA MENOR.
- 4º) LICENZA DE SEGREGACIÓN.
- 5º) CORRECCIÓN DE ERRO.
- 6º) PREZO PÚBLICO CONCILIA NADAL 2020.
- 7º) APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA DO PROXECTO DE OBRAS DE CAMIÑO DE AMAÑECIDA ATA A GRAÑA E OUTROS.

PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 35/2020, DO 01.12.2020

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 01.12.2020, acta núm. 35/2020.

SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JOSÉ ANTONIO CACHO REY, na que comunica que vai construír un acceso de 6 m. de lonxitude aproximadamente, colocando previamente un tubo de 40 cm. de diámetro para a canalización de pluviais, no lugar de Soutullos, San Salvador.

A parcela (referencia catastral 15013B503001650000MS) atópase emprazada dentro da delimitación de solo clasificado polo PXOM como solo rústico de protección forestal, séndolle de aplicación o réxime establecido pola vixente Lei 2/2016 do solo de Galicia para o solo rústico, en aplicación do disposto ao respecto pola súa Disposición Transitoria Primeira letra 2.d).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 5,66 euros.
- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 70,23 euros.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ANTONIO NIMO MÍGUEZ, na que comunica que vai realizar obras de conservación da cuberta do alpendre sito na Graña,

Cornanda, substituíndo as pranchas de fibrocemento en mal estado por pranchas novas, sen modificar a estrutura nin incrementar o volume actual da edificación, para garantir as condicións de estanquidade e illamento da mesma.

A parcela onde se empraza a edificación (referencia catastral 7148401NH1474N0001DT) na que se van executar as obras, atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural non consolidado pola edificación do PXOM (NRO-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 194,14 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 258,71 euros.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARÍA LUZ COTÓN MÍGUEZ, na que comunica que vai reparar e ampliar unha edificación auxiliar (alpendre) de 15 m², ata alcanzar a superficie de 50 m², dunha única planta e escasa entidade construtiva, no Casal, Brión. A construción será con bloque de formigón revestido e cuberta de pranchas de fibrocemento e tella cerámica.

A parcela (referencia catastral 5254704NH2455S0001PA) onde se pretende construír a edificación auxiliar, atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural da zona leste, en área non consolidada pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 (NRL-2) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

.- A ampliación do alpendre situarase mínimo a 3 metros dos lindeiros e mínimo a 5 metros do eixe dos viais.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 172,66 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 237,23 euros.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ROGELIO RODRÍGUEZ LOIS, na que comunica que vai construír unha edificación auxiliar (alpendre), dunha única planta e escasa entidade construtiva, de 35,23 m², con fábrica de termoarcilla revestida e cuberta plana, situada a 5 metros de tódolos lindeiros e a máis de 10 metros do eixe do vial, en Vioxo de Arriba, Luaña, segundo memoria redactada polo arquitecto Pablo Castro Pais.

A parcela (15013A021000710000UI) onde se pretende construír a edificación auxiliar, atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo rústico segundo a Disposición Transitoria Primeira da Lei 2/2016 e artigo 34.2 da Lei 2/2016.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

.- Segundo o artigo 50.g) do Regulamento da Lei 2/2016, non poderá destinarse a uso residencial ou de recreo, polo que queda prohibido que conte con instalacións propias das vivendas.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 278,78 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 343,35 euros.

e) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JUAN CASTOR VÁZQUEZ SALGADO, na que comunica que vai realizar obras interiores, consistentes na substitución de sanitarios na vivenda sita na Urb. Agronovo 24, Os Ánxeles. A actuación solicitada non modifica a estrutura e non incrementa o volume actual da edificación.

A parcela onde se empraza a edificación (referencia catastral 6346104NH2464N0001SD) na que se van executar as obras, atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 3 do PXOM (UC3).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 37,76 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 102,33 euros.

f) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JESÚS NVAZO RUIZ, na que comunica que vai construír un peche de 9,40 metros de lonxitude, nunha parcela sita en Gándara 21, San Salvador, con dobre listón de madeira horizontal sobre muro de formigón de 40 cm. de alto, ata unha altura total de 1,70 metros medidos desde a rasante natural do terreo e colocación de portalón de acceso, lindando coa vía pública.

A parcela na que se vai construír o peche (referencia catastral 8133813NH2483S0001JS) atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, área consolidada pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

.- O peche situarase mínimo a 4 m. do eixo do vial e deixará o espazo de resío, segundo plano de cesión asinado en documento administrativo o 29.03.2019.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 127,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 191,57 euros.

Neste intre auséntase do salón de plenos a Srª. Concelleira Cebal Gómez.

TERCEIRO.- LICENZA DE OBRA MENOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Ana María Salgado López, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para realizar obras de infraestrutura soterrada de liña de baixa tensión en San Salvador 36, San Salvador, derivando o condutor de tipo XZI 0,6/1Kv 4*50 AL existente, ata a situación da CPM que instalará o cliente no límite da súa propiedade coa vía pública. Para a canalización do mencionado condutor realizarase unha gabiá dunha lonxitude total de 5,00 m, segundo proxecto asinado polo enxeñeiro técnico industrial Rubén Fervenza Nicolás, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de Vigo o 31/08/2020, visado nº 22001041.

A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral 7522903NH2475S0001AL) está clasificada como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 1 do PXOM (UC-1) e atópase dentro da aldea de San Salvador e preto da Igrexa de San Salvador de Bastavales, incluídas no catálogo do PXOM coas claves identificativas SBE1 e SBR1, respectivamente.

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de data 02/12/2020 (expediente 1966/20), do informe da Consellería de Infraestruturas e

Mobilidade de data 02/12/2020, e do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

.- Como garantía, imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 323,50 €, que o interesado deberá presentar no Concello, con anterioridade á expedición da licenza.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 4,71 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 69,28 euros.

CUARTO.- LICENZA DE SEGREGACIÓN.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por PABLO TARRÍO GOY, ANA BALSA BELLO, NADIA FONSECA LORENZO e PABLO DE JESÚS ENRIQUE, na que solicitan licenza de segregación da parcela 7645807NH2474N0001TJ, sita no Cabo, Os Ánxeles, segundo o proxecto técnico redactado polos arquitectos Manuel Cid Rodríguez e Javier Rivadulla Montaña, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 18.11.2020.

Descrición da parcela de orixe:

Referencia catastral núm. 7645807NH2474N0001TJ.

Superficie: 2.775,00 m²

Clasificación urbanística: A parcela aséntanse sobre un ámbito de solo con dúas clasificacións segundo PXOM:

.- 1.981,25 m² situados dentro de solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación da zona leste (NRL-2).

.- 793,75 m² situados en solo rústico de protección agropecuaria, séndolle de aplicación o réxime establecido pola Lei 2/2016, do solo de Galicia, en aplicación do disposto ao respecto pola súa Disposición Transitoria Primeira letra 2.d).

Lindes:

Norte: camiño construído polo servizo de concentración parcelaria.

Sur: María Dolores Barreiro Lorasque (725)

Leste: Benito Ramón Barreiro Lorasque (1331)

Oeste: Manuel Sanmartín Miguéns (727)

Segregación pretendida:

Parcela núm. 1.

Superficie neta: 1.755,80 m².

Lindes:

Norte: parcela 3 procedente desta segregación destinada a cesión para ampliación de vial e despois camiño construído polo servizo de concentración parcelaria; parcela 2 resultante desta segregación.

Sur: María Dolores Barreiro Lorasque (725)

Leste: Benito Ramón Barreiro Lorasque (1331)

Oeste: Manuel Sanmartín Miguéns (727); parcela 2 resultante desta segregación.

Clasificación urbanística: a parcela aséntanse sobre un ámbito de solo con dúas clasificacións segundo PXOM:

.- 962,05 m² situados dentro de solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación da zona leste (NRL-2).

.- 793,75 m² situados en solo rústico de protección agropecuaria, séndolle de aplicación o réxime establecido pola Lei 2/2016, do solo de Galicia, en aplicación do disposto ao respecto pola súa Disposición Transitoria Primeira letra 2.d).

Parcela núm. 2.

Superficie neta: 962,05 m².

Lindes:

Norte: parcela 3 procedente desta segregación destinada a cesión para ampliación de vial e despois camiño construído polo servizo de concentración parcelaria.

Sur: parcela 1 procedente desta segregación.

Leste: parcela 1 procedente desta segregación.

Oeste: Manuel Sanmartín Miguéns (727).

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación da zona leste (NRL-2).

Parcela núm. 3.

Zona de cesión obrigada para ampliación do camiño construído polo servizo de concentración parcelaria situado ao norte da parcela matriz orixinal, configurándose o novo peche a 5,50 m. do eixe do vial existente.

Superficie neta: 57,15 m².

Lindes:

Norte: camiño construído polo servizo de concentración parcelaria.

Sur: parcela 1 e parcela 2 procedentes desta segregación.

Leste: Benito Ramón Barreiro Lorasque (1331).

Oeste: Manuel Sanmartín Miguéns (727).

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e aceptar a cesión do terreo de 57,15 m², ao abeiro do disposto no artigo 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

-.Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 129,14 euros.

Total: 129,14 euros.

QUINTO.- CORRECCIÓN DE ERRO.

a) Deuse conta dun erro na concesión da licenza de obra maior outorgada a MARÍA INMACULADA COLLAZO PÉREZ e RAMÓN AGRAFOJO FIGUEIRA, pola Xunta de Goberno Local do 24/11/2020, para construír unha vivenda unifamiliar no lugar de Soigrex 44, Bastavales. O erro detectouse nos apelidos do promotor.

Vista a copia do Documento Nacional de Identidade de Ramón Figueira Agrafojo, a Xunta de Goberno Local por unanimidade, consonte co disposto no art. 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a instancia dos interesados, acorda:

1º) Rectificar o erro material advertido no acordo da Xunta de Goberno Local sinalado nos seguintes termos:

Onde di: Ramón Agrafojo Figueira.

Debe dicir: Ramón Figueira Agrafojo.

SEXTO.- PREZO PÚBLICO CONCILIA NADAL 2020.

Deuse conta dunha proposta da alcaldía de 15/12/2020 de prezo público para a asistencia á actividade de concilia Nadal 2020, que se realizará no Concello de Brión os días 23, 28, 29 e 30 de decembro de 2020 e 4, 5, e 7 de xaneiro de 2021.

Vistos o informe técnico do 06/11/2020 e o informe de intervención do 03/12/2020.

Visto o disposto na ordenanza fiscal núm. 20 PP, reguladora de prezos públicos pola prestación de servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio, a Xunta de Goberno Local, por delegación do Pleno, por unanimidade, acorda:

1º) Declarar a urxencia do presente acordo ao abeiro do disposto no artigo 126 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, polo que do acordo adoptado darase conta á Comisión Informativa Especial de Contas (Permanente de Facenda), na primeira sesión que se celebre.

2º) Fixar o prezo público pola asistencia á actividade de conciliación Concilia Nadal 2020, de acordo coa seguinte táboa:

% R.P.C. / IPREM 2020	RENDA P.C. 2020	COTA
0% a 100%	0,00 a 537,83 €	20,00 €
100% a 125%	537,84 a 672,29 €	35,00 €
125% a 175%	672,30 a 941,21 €	52,50 €
175% a 200%	941,22 a 1.075,67 €	66,50 €
Máis do 200%	1.075,68 € ou máis	70,00 €

No caso de irmáns aplicaranse os seguintes descontos:

- .- 1º Irmá/n: pago do 100% da cota.
- .- 2º Irmá/n: desconto do 20% da cota.
- .- 3º Irmá/n e seguintes: cota gratuíta.

3º) Acordar a publicación do prezo mediante anuncio inserto no BOP.

SÉTIMO.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA DO PROXECTO DE OBRAS DE CAMIÑO DE AMAÑECIDA ATA A GRAÑA E OUTROS.

Dada conta da proposta da alcaldía ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos en sesión do 15.12.2020, que transcrita di:

Antecedentes.

1. Pola Xunta de Goberno Local, por delegación do Pleno, en sesión do 24.11.2020 acordouse aprobar o proxecto técnico da obra denominada: Proxecto de camiño de Amañecida ata Graña e outros, cun orzamento de contrata de: 950.726,78 euros, IVE incluído, realizado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos Pablo Blanco Ferreiro, de data decembro de 2019.

2. Mediante providencia da alcaldía do 27.11.2020 iniciouse o procedemento para contratar a obra sinalada, e realizar a contratación por procedemento aberto simplificado cun único criterio de adxudicación, o factor prezo, consonte co establecido no art. 159 da LCSP, mediante anuncio no perfil de contratante do Concello que se atopa aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado, ordenando emitir os informes preceptivos.

3. As necesidades a satisfacer son as que figuran no proxecto descrito; se trata de mellorar o firme actual en sete camiños de titularidade municipal, no interior de tres urbanizacións e a mellora do viario de acceso ao CEIP de Pedrouzos e ao IES de Brión, que se atopan en mal estado. As obras do proxecto son unha competencia municipal segundo os artigos 25.2. d) e 26.1.a) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Fundamentos de Dereito.

1. A aprobación dos pregos de cláusulas administrativas particulares é competencia do órgano de contratación (art. 117 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (en adiante LCSP).

2. Consonte co disposto nos artigos 131,146.1 e 159.1 da LCSP a forma de adxudicación deste contrato será por procedemento aberto simplificado.

3. O artigo 117 da LCSP regula a aprobación do expediente de contratación.

4. O valor estimado do contrato supera os límites cuantitativos establecidos no apartado 1º da Disposición Adicional Segunda da LCSP, polo que corresponde a competencia para a súa adxudicación á Xunta de Goberno Local, por delegación do Pleno, segundo acordo do 27.06.2019, publicado no BOP núm. 124, do 03.07.2019.

Vistos os informes preceptivos de secretaría e de intervención, no uso das atribucións que me confiren as disposicións en vigor, propono á Xunta de Goberno Local por delegación do Pleno, a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar o expediente de contratación e iniciar a licitación por procedemento aberto simplificado, cun único criterio de adxudicación, o factor prezo, mediante publicación do anuncio de licitación no perfil de contratante.

2º) Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares por procedemento aberto simplificado previsto no art. 159.1 da LCSP cun único criterio de adxudicación, o factor prezo, que ha rexer no contrato, asinado por esta alcaldía con data 02.12.2020.

3º) Autorizar o gasto por importe de: 950.726,78 euros, IVE incluído, con cargo á aplicación: 1532.61904 do orzamento vixente onde existe retido crédito por intervención.

4º) Publicar o anuncio de licitación no perfil de contratante para os efectos da presentación de ofertas polos licitadores.

A Xunta de Goberno Local, por delegación do Pleno, por unanimidade, acorda:

1º) Aprobar a proposta da alcaldía nos seus propios termos.

O señor alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo ás 14,15 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

Pablo Lago Sanmartín

Javier Nieves González